

A Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de setembro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 12951 (10/POC-002221)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Prado, Martín e 6 máis  
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa reordenación e a planificación do transporte público de viaxeiros en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017*
- 1.2 13556 (10/POC-002370)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis  
Sobre a data límite da concesión administrativa da empresa Elnosa en Lourizán  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017*
- 1.3 13949 (10/POC-002476)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 3 máis  
Sobre as dificultades para incluír os hórreos nas subvencións xestionadas polas ARIS con cargo ao "Plan estatal de vivenda", e a necesidade de facer mención expresa a estas construcións no "Plan estatal de vivenda 2018-2021"  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017*
- 1.4 14495 (10/POC-002694)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e 3 máis  
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar no futuro as situacións de saturación polo exceso de visitantes rexistradas no mes de agosto de 2017 no Parque Nacional das Illas Atlánticas, así como as razóns existentes para non realizar labores de control e inspección previos para evitalas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 168, do 04.09.2017*
- 1.5 14518 (10/POC-002699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implantación das novas concesións do transporte público e o traballo realizado polas empresas adxudicatarias dos estudos previos, os datos referidos ás alegacións presentadas e a tramitación das solicitudes de cambios formuladas polos concellos para adaptalas ás necesidades da poboación, así como as medidas previstas para corrixir o seu impacto

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017*

1.6 14649 (10/POC-002709)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a localización e a actividade da planta de almacenamento e valorización de residuos industriais situada no lugar da Furoca, na parroquia de San Paio, no concello de Coristanco

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017*

1.7 14904 (10/POC-002731)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para evitar o impacto da proxección dunha planta de produción de asfalto na canteira de Bouzas, no concello de Xinzo de Limia, nas condicións ambientais, poboacionais e agropecuarias do contorno, así como na zona ZEPA próxima, a realización dalgunha avaliación ao respecto e a garantía da axeitada xestión dos residuos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 11/09/2017 13:05:20**